



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día trinta de xaneiro de dous mil doce, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE XANEIRO DE DOUS MIL DOCE.

José Luís Maceda Vilarifo
José Luís Rodríguez Franco
Ricardo Rodicio González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as dez horas do día trinta de xaneiro de dous mil doce, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilarifo, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o Concelleiro Manuel González Moreira.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta de sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día dezaseis de decembro de dous mil once.

2º.- RACIONALIZACIÓN DE GASTOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

A actual crise económica fai máis necesario que nunca racionalizar os gastos reducindo no máximo posible os menos necesarios. Moitos actos organizados polo concello precisan de publicidade para que os veciños do concello e de fora acudan a eles, xa que a súa presenza asegura o éxito do evento e xera valor engadido para o concello.

Este gasto de publicidade ven roldando nos últimos anos os 4.300€. nos últimos anos reduciuse algo pasando dunha media de uns 4.750€ no mandato 2003-2007 a 4.000€ no último mandato e o que vai deste. Para reducir máis ese gasto e ter xa unha previsión e límite do gasto para o presente exercicio, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aprobar o orzamento de gasto para o ano 2012 en publicidade no diario El Progreso por un importe total de mil oitocentos euros (1.800,00€).*

2.- Aprobado o orzamento de gasto para o ano 2012 en publicidade no diario La Voz de Galicia por un importe total de mil oitocentos setenta euros (1.870,00€).

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Pedro Castro Macía con D.N.I. nº. 34.257.723-M para o acondicionamento interior de nave agrícola situado no lugar da Tudriz, nº. 18, parroquia de Lamaigreja xunto á marxe dereita da LU-4701 "Da Pobra do Brollón", por Parada dos Montes, a Folgoso do Caurel" no P.K. 3,600.

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por cento trinta euros con trinta e nove céntimos (130,39€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O concello conta coa prestación do servizo de técnico municipal desenvolvido polo arquitecto D. Xosé Lois López Otero. O contrato que tiña vixente estaba condicionado pola prestación do servizo establecido na Lei do Hábitat subvencionada pola Xunta de Galicia. O prezo total do contrato no ano 2009 foi de 16.219,98€ por todos os conceptos. O que hoxe se propón supón 5.092,88€, IVE incluído máis o importe que se repercute na liquidación das licenzas aos interesados, que nos últimos anos non superou os 4.000€.

Polo tanto, e habéndose modificado substancialmente as condicións do contrato, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobado o contrato de prestación de servizos entre o Concello da Pobra do Brollón e o arquitecto D. Xosé Lois López Otero coas condicións que figuran a seguir e con efectos de un de xaneiro.

2.- A relación entre D. Xosé Lois López Otero e o concello é profesional de prestación de servizos polo que nin D. Xosé Lois López Otero nin calquera outro profesional ou traballador que este contrate para a prestación do servizo terán relación laboral ou funcional algunha co concello.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do contrato de prestación de servizos.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Cláusulas.

1. O obxecto do contrato será a prestación de servizos de asistencia técnica o Concello por parte de Xosé Lois López Otero, Arquitecto nas seguintes cuestións:

1.1. Informa-las solicitudes de licenza e información urbanística que formulen os particulares e outras administracións.

1.2. Informa-la Corporación Municipal en todos aqueles asuntos relacionados ca Arquitectura e o Urbanismo.

1.3. *Face-lo seguimento de tódolos traballos que no campo do planeamento se realicen no Concello, tanto por iniciativa pública como privada, informando a Corporación sobre o contido, alcance e desenvolvemento dos mesmos.*

1.4. *Reformular sobre o terreo as alienacións e rasantes cando lle sexa requirido.*

1.5. *Informar todos aqueles expedientes que garden relación cas actividades de obras ou urbanismo que se realicen no Concello.*

1.6. *En xeral todo tipo de traballos de asesoría técnica, redacción de informes, confección de memorias, etc. salvo aqueles que impliquen a asunción de responsabilidade civil por redacción de proxectos e/ou dirección de obras de edificación ou urbanización*

2. *Para o desenvolvemento dos traballos obxecto do contrato correran por conta do arquitecto todos os custes necesarios para a súa realización no referente a equipos técnicos e informáticos, programas e desprazamentos así como todos aqueles inherentes o desenvolvemento da súa actividade profesional (instalacións, seguridade social, colexiación, etc).*

3. *Para posibilita-la adecuada atención dos cidadáns do concello nas actividades obxecto do contrato se fixa un horario de atención ao público nas instalación do concello de catro horas semanais repartidas en dous días a semana que serán fixadas de común acordo polas partes.*

4. *Como contraprestación por estes servizos, o Concello de Pobra de Brollón abonara a Xosé Lois López Otero, Arquitecto as seguintes cantidades:*

4.1. *Unha cantidade fixa trimestral pola actividade presencial de atención o público nas dependencias do concello por importe de 1079,00 € que será incrementada no tipo de IVE vixente no momento da facturación.*

4.2. *Unha cantidade fixa trimestral en concepto de suplidos por custes de desprazamento para a realización dos servizos contratados por importe de 130,00 €.*

4.3. *Unha cantidade variable que se abonara trimestralmente en función dos servizos realizados (licencias de obra, licencias de actividade, informes de antigüidade, certificacións urbanísticas, certificacións de obras comunitarias, etc) segundo tarifa anexa ao presente contrato e que son repercutidos como taxas nos distintos procedementos.*

5. *Os traballos de redacción de Proxectos e Dirección de obras contemplados no apartado 1.6 serán obxecto de contratación independente do servizo de asistencia técnica ó Concello e os honorarios se determinaran, no seu caso, no momento do contrato.*

6. *Xosé Lois López Otero estará incompatibilizado para o exercicio libre da súa profesión de Arquitecto no termo municipal salvo para aqueles traballos que, con independencia dos que constitúen o obxecto do presente contrato, lle poda encomendar o propio Concello ou calquera Entidade de carácter público previa autorización do Concello.*

7.- *A duración do contrato se establece en doce meses dende o día un de xaneiro ó trinta e un de decembro de dous mil doce.*

8. *O contrato se prorrogará por anos naturais salvo denuncia dunha das partes cunha antelación mínima de tres meses.*

9. *Nas sucesivas prorrogas se aplicará sobre o prezo do período anterior un incremento igual ó establecido na Lei de Orzamentos do Estado para o ano prorrogado para o incremento das retribucións dos empregados do sector público.*

10. *A relación entre D. Xosé Lois López Otero e o concello é profesional de prestación de servizos polo que nin D. Xosé Lois López Otero nin calquera outro profesional ou traballador que este contrate para a prestación do servizo terán relación laboral ou funcional algunha co concello.*

11. *No non previsto nas presentes cláusulas se estará ó establecido na lexislación vixente de*

aplicación.

TARIFAS POR SERVICIOS ANO 2012

Custe unitario de servizos realizados por encargo do concello ou realizados a petición de asociacións de veciños e entidades de carácter público a través do concello.

<i>Informe urbanístico en procedementos de concesión de licenza de obra</i>	<i>0,1% do presuposto de execución material das obras cun mínimo de 39,78 €.</i>
<i>Informe urbanístico en procedementos de concesión de licenza de actividade</i>	<i>39,78 €</i>
<i>Acta de inspección en procedementos de concesión de licenza de apertura</i>	<i>43,78 €</i>
<i>Certificacións urbanísticas</i>	<i>39,78 €</i>
<i>Certificacións de antigüidade de edificación</i>	<i>43,78 €</i>
<i>Certificacións de obra executada sen valoración</i>	<i>43,78 €</i>
<i>Certificacións de obra executada con valoración</i>	<i>4% do presuposto de execución material das obras cun mínimo de 43,78 €</i>
<i>Redacción de memorias de obras sen valoración</i>	<i>83,56 €</i>
<i>Redacción de memorias valoradas de obras</i>	<i>4% do presuposto de execución material das obras cun mínimo de 83,56 €</i>
<i>Redacción de estudos previos/anteproxectos sen documentación gráfica</i>	<i>5% dos honorarios por redacción do proxecto cun mínimo de 83,56 €</i>
<i>Redacción de estudos previos/anteproxectos con documentación gráfica</i>	<i>10 % dos honorarios por redacción do proxecto cun mínimo de 163,12 €</i>

Os servizos non contemplados na táboa serán tarifados por tempo dedicado con un custe horario unitario de 30,00 €/hora.

As cantidades anteriores incrementarase na porcentaxe de I.V.E. vixente no momento da facturación.

A presente tarifa prorrogarase automaticamente no caso de prorroga do contrato do que forma parte como anexo actualizándose na porcentaxe correspondente a o incremento do IPC anual publicada polo instituto nacional de estatística.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as dez horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a oito de febreiro de dous mil doce.

